


**COLEXIO “DIVINO MAESTRO”**

# **SEMANA CULTURAL: FEIRA DE CIENCIAS**



**DO 23 AO 27 DE MAIO**

## **ESTIMADOS PAIS:**

O colexio quere organizar unha feira de ciencias, onde pais e estudantes participen mostrando os seus experimentos e proxectos, e pedímoslles a vostedes o seu apoio a esta valiosa experiencia.



Este folleto sinala as razóns para facer prácticas de ciencias, por favor, dedique un tempo a ler esta información coidadosamente.



## **POR QUE SE DEBE FACER UN PROXECTO DE CIENCIAS?**

Se algo teñen en común os nen@s e os científicos é a curiosidade, as ganas de saber, de xogar co mundo e de investigalo para descubrir todos os seus segredos. Traballar ao redor da ciencia é unha posibilidade marabillosa para engancharlos, motivalos e desenvolver todas as súas capacidades.

A ciencia axúdanos a alentar a curiosidade, a estimular talentos que os nen@s teñen e descoñecen, a inicialos no descubrimento e a motivalos para que eles mesmos comecen a crear as súas propias aprendizaxes, a achegalos ao rigor intelectual, a fortalecer o dominio da linguaxe, a espertar a súa imaxinación durmida, a aprender a investigar a través de diferentes medios...



En definitiva a facelos CAPACES E COMPETENTES.

Porque a ciencia non é unha chea de aparellos sofisticados, nin unhas fórmulas incompresibles... a ciencia é a capacidade de mirar con outros ollos, de volver á marabillosa idade das preguntas, dos porqués infinitos, dos xogos de química, dos mecanos, dos pequenos-grandes descubrimentos, do vello visto con ollos novos...

A ciencia non debe ser unha clase ou unha materia illada, senón unha aventura pedagóxica Por iso queremos que as nosas familias do COLEXIO "DIVINO MAESTRO" se implíquen neste proxecto e convértanse en investigadores e construtoras do seu propio saber e as nosas aulas, os nosos corredores e o patio serán os nosos laboratorios onde poderán expor os seus grandes achados.

Así pais e fill@s gozarán dunha actividade lúdica xuntos, propiciando momentos de encontro que quedarán na memoria e que sen dúbida ,axudarán ,a reforzar os seus lazos de unión.



## COMO PODO PARTICIPAR?

Informar o titor/a do seu fill@ de que quere presentar unha experiencia ou comunicalo aos correos:

floren@edu.xunta.es

salovf@edu.xunta.es

Indicando o nome do proxecto, os integrantes do equipo e o curso ao que pertencen.

Se se desexa obter información sobre esta feira de ciencias, pórse en contacto cos correos electrónicos anteriormente citados e/ou consultar a páxina do colexio <http://centros.edu.xunta.es/cprdivinomaestro>.

## CONSELLOS PARA PROXECTOS

1. Axude o seu fillo a escoller un tema que lle interese e sexa apropiado para a súa idade.
2. Anime o seu fillo a facer debuxos ou escribir o máis posible. Controle a ortografía. Vostede como pai pode escribir por el, pero permita que o seu fillo lle diga que escribir.
3. Dígalle ao seu fillo que lle fale a outro adulto do seu proxecto.
4. Empece o proxecto o máis pronto posible para ter tempo para traballar un pouco cada día. O tratar de completar o proxecto durante longas sesións pódelles causar moita molestia aos dous.
5. A actitude do seu fillo cara ás investigacións de ciencia é máis importante que o proxecto mesmo. Axude a facer o proxecto divertido e motivador.



**6.** Demostre ao seu fillo o seu interese na ciencia e nas capacidades científicas. Non permita que a súa falta de comodidade ou interese faga unha barreira entre a curiosidade natural e o desexo do seu fillo de explorar e descubrir algo novo.

UN BO TÍTULO  
TOMAR FOTOGRAFÍAS  
SER ORGANIZADO  
CHAMAR A ATENCIÓN  
FAI UNHA BOA PRESENTACIÓN  
CORRECTA E BEN CONSTRUÍDA



## Exemplos de proxectos:

- Como funciona un extintor?
- Bólas saltarinas.
- Tinta invisible .
- Burbullas resistentes.
- O efecto da presión atmosférica.
- Líquidos en capas.
- Lanzacohetes de vinagre.
- A pel da auga.
- O visible ao quentar.
- Ovos en movemento.
- As cores cambian :de vermello a azul
- Movemento misterioso.
- Un ovo frito en frío.
- Lume verde.
- A materia desaparece?
- Limoada en viño.
- Tinta de limón.....

**GRACIAS POLA  
COLABORACIÓN**